

O VIÑO E A VENDIMA: PROPOSTAS DIDÁCTICAS



TESOUROS VIVOS NO CAMIÑO DE INVERNO//

ESTHER E O VIÑO DA RIBEIRA SACRA




Visualizade este vídeo.



Ao paso do Camiño de Inverno **entre Chantada e Belesar**, detémonos en **Pincelo** para coñecer a extraordinaria **Esther**: adegueira pioneira que, vendo como estaba a enfermar a Terra, revirouse e decidiu “volver atrás” e cultivar e **elaborar o viño como o facían seus pais**, creando así o primeiro viño ecolóxico da Ribeira Sacra.

PIONEIRAS



“Primeiras mulleres que...”, son aquelas que se atreveron a non seguir as normas do sistema ou os costumes tradicionais, conseguindo romper barreiras impostas ao seu xénero e abríndonos o camiño a quen viñemos detrás.



Preguntádelle á familia, veciñanza, consultade na biblioteca ou en Internet para atopar algunha pioneira na vosa zona.



Se aínda está viva **entrevistádea**. Se non, entrevistade a xente que a coñecera.



Facédelle un recoñecemento público á súa achega para termos presentes os referentes necesarios, por exemplo un mural.

Podedes inspirarvos neste proxecto das avoas superheroinas do artista **Yoseba MP**:

Proxecto de Yoseba MP "Fenómenos do rural"



Tutorial sobre como facer un mural, por Yoseba MP





Se atopades varias pioneiras, tamén podedes facer unha **exposición física ou en liña** para dalas a coñecer.

Podedes inspirarvos nesta iniciativa:

Exposición en liña "Pioneiras" da web "A Coruña das mulleres"



Se non atopades a ningunha na vosa zona, podedes investigar sobre pioneiras galegas e, ou ben escoller unha para facer un mural, ou ben facer a exposición en liña con todas as que atopades e que sintades como referentes.

DÁME UNHA PINGA DE VIÑO PARA MOLLAR A *GARGANTA...*



Buscade cantigas, ditos e refráns que conteñan a palabra **viño**. Podedes preguntarlles ás vosas familias e á veciñanza, xa que normalmente as persoas máis vellas son as que adoitan saber máis destas cousas. Tamén podedes documentarvos na biblioteca ou en Internet consultando cancioneros, refraneiros ou webs de recompilación de literatura oral.

Aquí tedes algúns exemplos:

**O viño na cultura popular galega
(crenzas, refráns e cantigas).**

Refraneiro sobre o viño.





Escollede unha ou varias cantigas e/ou refráns e pensade en como **ilustralo**. Farémolo pintando con viño!

Aquí tedes uns consellos prácticos para facelo:



Logo, **podedes expoñer as vosas obras** nos locais de restauración da vosa localidade. Setembro, mes de vendimas, pode ser un bo momento para facelo.

**LÚA
LUEIRA**



Para saber máis

A Lúa ten influencia nas mareas, nos campos, nas plantas, nos animais, nas persoas e no tempo. A sabedoría popular aconséllanos sobre como actuar segundo a influencia da fase lunar na que nos atopemos e os resultados que queremos acadar á hora de cortar o cabelo, nos traballos agrícolas e hortenses, na matanza do porco ou corta da madeira, na preparación de menciñas e remedios, para predicir o tempo...



Investigade e recabade información sobre a influencia da Lúa.

Aquí tedes algúns exemplos que vos poden dar pistas para preguntar e tirar do fío:

Web "Galicia encantada".


**"A astronomía na cultura popular",
do IES Porto do Son.**





Coa información recabada, podedes **elaborar un calendario lunar** onde apareza toda a sabedoría popular sobre este tema. Podedes facelo manual ou dixitalmente. Podedes comezar desde cero ou partir dalgún modelo que atopedes na rede. Tamén podedes engadir refráns, cantigas, adiviñas... sobre a Lúa e facer un almanaque máis completo.

Para isto, podedes inspirarvos nos seguintes **almanaques senlleiros**:



Podedes pendurar na rede unha **versión imprimible** do resultado.

ARTESANÍA



Para saber máis

Cada labor require unha ferramenta especializada e de aí nacen técnicas artesanais destinadas a cubrir as necesidades de determinados traballos.

Un dos produtos artesanais derivados das necesidades de facer as vendimas na Ribeira Sacra

son os [culeiros ou cestos da vendima](#).



Pero os cestos e cestas, con todas as súas variantes segundo as necesidades dos labores para os que se usan, son un elemento común en toda a xeografía galega. Existen artesáns e artesás especializadas, pero en cada casa sempre había alguén que sabía facer un para múltiples usos domésticos.



Procurade na vosa redonda alguén que vos aprenda a **fac**er **un cesto**. Podedes aproveitar para gravalo e facer un tutorial e espallalo pola rede para que calquera persoa que queira poida aprender a facelo e así tentar volver conseguir que en cada casa galega haxa alguén que saiba facer un cesto, ese elemento multifuncional e atemporal que segue a ser fundamental para os nosos quefaceres cotiás.

Cestería tradicional: Toño o Cesteiro.

Cestería contemporánea: Idioa Cuesta.




RECURSOS



Para saber aún más

**Sitios webs, publicaciones e
selección bibliográfica**



Adega Diego de Lemos:

<http://www.diegodelemos.es/>



Entrevista a Esther do Sindicato Labrego Galego:

<http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=24&i=1560>



Reportaxe Televinte Chantada 'Tres xeracións de viticultores manteñen o uso do cesto tradicional na vendima familiar':

<https://www.canleribeirasacra.gal/gl/recursos/arranca-a-vendima-e-os-vellos-cestos-son-testemunhas-illadas-da-tradicion>



Reportaxe Televinte Chantada 'Da viña á adega: xornadas de vendima na Ribeira Sacra':

<https://www.canleribeirasacra.gal/gl/recursos/da-vina-a-adega-as-xornadas-de-vendima-vertical-na-ribeira-sacra>



Ecomuseo de Arxeriz: a vendima:

<http://ecomuseodearxeriz.blogspot.com/2018/09/a-vendima.html>



Reportaxe Televinte Chantada 'Esther Teijeiro, emprendedora, auténtica ribeirá e creadora do primeiro viño ecolóxico galego':

<https://www.youtube.com/watch?v=r4Ki0mEmrcE>



Último culeiro tradicional Pincelo:

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lemos/2015/12/18/pincelo-reduto-da-cesteria-tradicional-a-beira-do-mino/0003_201512M18C5991.htm



Proxecto 'Atlas do viño' da asoc. Colado do Vento:

<https://coladodovento.blogspot.com/2011/12/o-proxecto-do-atlas-do-vino.html>

**Publicación feita por Xandobela | Educación e Cultura
ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021
da Xunta de Galicia**

AUTORAS:

María Jesús (Chus) Caramés Agra e Nerea Couselo Fernández.
Decembro 2020.

MÁIS INFORMACIÓN:

<http://xandobela.info/>
[https://www.proxectotesourosvivos.gal/
info@xandobela.info](https://www.proxectotesourosvivos.gal/info@xandobela.info)





XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia